



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

CONSULTA PUBLICA NA PAXINA WEB MUNICIPAL

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS CONDICIÓNS DE ACCESO AO PROGRMA “XANTAR NA CASA”

Por providencia da alcaldía incoouse o correspondente expediente para a aprobación dunha ordenanza municipal reguladora das condicións de acceso ao programa “XANTAR NA CASA”,

O informe xurídico da secretaría municipal sinala que o artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, establece que previamente á elaboración do proxecto de regulamento realizarase unha consulta pública a través da páxina web municipal para recabar a opinión dos posibles afectados pola norma sobre: os problemas a solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, e as posibles solucións alternativas.

En consecuencia, DISPOÑO:

Que se proceda a publicar na páxina web municipal o correspondente anuncio xunto co borrador do proxecto de regulamento inicialmente redactado, para que durante un prazo de 15 días naturais, os interesados poidan consultalo e presentar suxerencias ou opinións ao respecto, entre outras sobre os problemas que o regulamento trata de solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, ou no seu caso as posibles solucións alternativas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O Alcalde

Francisco Cajoto Caserío



Cod. Validación: 4Z3R56F2EEC7FXFM6DWNTL72 | Corrección: <http://concellodefoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1